



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE MIÑO A REORGANIZACIÓN E HUMANIZACIÓN DE VIAIS NO CENTRO URBANO DE MIÑO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Infraestruturas, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestruturas ten previsto formalizar co Concello de Miño o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31.12.2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Miño para a reorganización e humanización de viais no centro urbano de Miño.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A rúa Real e a rúa Galea, de titularidade municipal, presentan deficiencias en canto á súa accesibilidade que deben ser emendadas.

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica, Plan MOVE, contempla como unha das súas liñas básicas a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.

O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2010 ten como obxectivo estratéxico 2 a consecución de vías de tránsito e mobilidade máis seguras, contemplando entre as súas accións a mellora da seguridade viaria na zona de circulación, prestando especial atención a zonas con presenza de persoas usuarias vulnerables, travesías, etc.





A actuación que pretende realizar o Concello de Miño consiste basicamente na modificación das beirarrúas para incrementar o seu ancho. Así mesmo, no entorno da igrexa, espacio en conexión coa Avda. Carreira e a rúa Galea, eliminarase o paso actual, que presenta unha pendente desproporcionada, substituíndoo por unha rampa adaptada á normativa en materia de accesibilidade, co que se conseguirá liberar espazo no contorno da igrexa. Cambiarase o pavimento, que se atopa deteriorado e, na rúa Galea, mellorarase a iluminación pública e ordearase o aparcadoiro público.

A actuación prevista é complementaria á propia idea básica e intrínseca da estrutura elemental da calzada e da infraestrutura viaria. Esa consideración de complementariedade, xunto coa necesidade dunha actuación en materia de accesibilidade e seguridade viaria, xustifican a concesión directa dunha subvención ao Concello de Miño ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Galega de Infraestruturas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 1 de xullo de 2016

